

RECURSOS E INSTRUMENTOS SOCIAIS

ISSN: 1887-2417
D.L: C-3317-2006

A Interpretación do Patrimonio (natural e cultural), unha disciplina para producir significados

Jorge Morales Miranda

Consultor en Interpretación do Patrimonio. Coeditor do Boletín de Interpretación da Asociación para la Interpretación del Patrimonio (España)

Supoñamos que temos algunha responsabilidade nos espazos ou nos lugares con valor patrimonial, como parques naturais, sitios históricos, cidades monumentais, xardíns botánicos, paisaxes protexidas etc. Podemos depender da administración de cultura, desenvolvemento, medio, turismo ou patrimonio, ou, mesmo, da empresa privada. Tratarase de lugares “especiais” pola súa beleza ou polo seu valor histórico ou ecolóxico. O máis probable é que conteñan zonas fráxiles, animais ameazados ou obxectos delicados, como pintura rupestre nunha cova ou mobles antigos de grande valor nunha casa histórica. Para nós tratarase de lugares moi importantes que, ademais de os coñecer desde o punto de vista profesional ou científico, apreciámoslos con gran paixón e é posible que esteamos “namorados” do noso sitio (parque, depósito arqueolóxico etc.).

Imaxinemos tamén unha realidade indiscutible: hai xente que acode a visitar esas áreas para coñecelas, pola súa fama ou, simplemente, para pasar un momento agradable nun lugar sublime, coa familia ou cos amigos. Os motivos da visita son de diverso tipo e, se o público non ten coñecementos previos, seguramente non chegará a coñecer por si propio o significado nin o valor destes lugares... poderase marabillar da estética, mais non do seu significado. Mesmo, por descoñecemento, algunhas persoas poden comportarse de forma inapropiada ou descoidada.

Que estratexia poderíamos utilizar para “revelar” o significado íntimo do sitio aos visitantes que están a gozar do seu tempo libre nel ou nas súas proximidades?

A resposta é a *interpretación do patrimonio*, unha disciplina algo especial -talvez de moda- e que vou intentar explicar neste artigo.

Primeiro revisarei o significado da interpretación do patrimonio, desde unha perspectiva “microscópica”, se me permite a expresión, e, finalmente, esbozarei unhas reflexións sobre os problemas e os acertos do momento presente, e formularei os que son, ao meu xuízo, os desafíos para o futuro.

Que é a interpretación do patrimonio

Sen dúbida, achámonos cunha situación que temos que resolver. Innumerables espazos protexidos (e non protexidos), rexións culturais, sitios urbanos, rurais ou naturais, son visitados diariamente como parte dos circuítos turísticos ou simplemente para gozar do tempo libre, quer por turistas quer por habitantes locais. O problema que cómpre resolver consiste en poder contar con eses visitantes como “aliados” para o manexo e para a xestión do lugar, de tal forma que eles sexan un factor positivo para a conservación dese patrimonio (natural ou cultural) e que non se convertan na causa do problema: degradación do ámbito, perda ou deterioración de obxectos, vandalismo

e, mesmo, molestias a outros visitantes e aos habitantes locais.

A cuestión está clara: ademais dalgunhas accións a distancia, hai que resolver *in situ* este asunto. Aos visitantes hai que lles proporcionar “chaves” para que comprendan, aprecien e, mesmo, se namoren do lugar. Para iso existe isto que se denomina “interpretación do patrimonio”, e que xa adianto que consiste nunhas técnicas de comunicación estratéxica para facer evidente o que non sempre é evidente, ou que só é evidente para os expertos: o *significado*, a *importancia* e o *valor* deses lugares patrimoniais visitados polo público. Por tanto, a interpretación ten que ver cos *sitios* de interese patrimonial (ALDRIDGE, 1975 e 1981) e, en certa medida, cos obxectos, o máis contextualizados posible.

O camiño que percorreu esta disciplina non foi doado. Talvez ata o seu nome pode crear certa confusión. Por facermos algo de historia: tras a creación dos primeiros parques nacionais nos Estados Unidos, considerouse que debería haber algunha metodoloxía que permitise “traducir” o que coñecían os expertos deses parques a unha linguaxe sinxela e comprensible para o público visitante, que na súa gran maioría non eran expertos. A fórmula que se achou pasou a denominarse “interpretación”, por aquilo de “traducir” a linguaxe científica para que os visitantes dos parques puidesen comprender o significado dos

seus valores. Así, hai case un século que se vén utilizando este termo.

Non obstante, a palabra interpretación “ten moitas interpretacións” e, por iso, crea confusión. Por exemplo, desde o punto de vista científico, no proceso de estudo e de análise, os investigadores teñen que facer unha “interpretación” dos seus achados ou dos seus resultados (en arqueoloxía, socioloxía, ecoloxía, xeografía etc.). Esta *primeira* interpretación podémola achar en teses de doutoramento, en publicacións especializadas e, en fin, no ámbito dunha elite que é capaz de acceder a esa información e de comprender a terminoloxía científica utilizada. Mais o público xeral non comprendería esa xerga complexa e afastada, por tanto, hai que realizar unha *segunda* “interpretación” (tradución) para que este público non erudito comprenda o significado do patrimonio. Comunmente, a este proceso poderíámoslle chamar tamén “difusión”, “divulgación” ou “socialización” do patrimonio -de feito, isto faise con efectividade a través de diversos medios *ex situ*-.

Porén, hai un matiz: esta “socialización” do patrimonio pasa a denominarse “interpretación” no feito moi concreto das visitas, *in situ*. Por tanto, o termo interpretación emprégase nun contexto ben determinado: un lugar con valores patrimoniais que é visitado polo público; este é o contexto que define a nosa interpretación e é o marco en que

evoluciona en todos estes anos. As bases metodolóxicas e a filosofía subxacente de todo este proceso foron ben explicadas por Freeman TILDEN no seu libro de mediados dos anos 50: *Interpreting Our Heritage* (1957), un libro que recomendo encarecidamente aos que estean interesados nesta materia. A Asociación para a Interpretación do Patrimonio (AIP) editouno en español en 2006: *La interpretación de nuestro patrimonio*.

Foi entón, na segunda metade do século XX, cando esta disciplina entra nunha etapa de maduración, impulsada certamente polo monumental e serio traballo dos parques nacionais norteamericanos por atenderen dunha forma correcta, profesional e humana os seus visitantes. Non tardou en “exportarse” a outros países, do ámbito anglosaxón, primeiro, e a Iberoamérica, Europa e a algúns países africanos e asiáticos, con posterioridade.

Os escenarios tradicionais de tipo “naturalístico”, principalmente os parques nacionais, os parques naturais, as reservas ecolóxicas etc., foron o laboratorio para o crecemento e para a consolidación da disciplina. Durante varias décadas do século XX denominouse “interpretación ambiental”, como cabía esperar.

Hoxe en día os escenarios cambiaron, diversificáronse. Tras recoñecerse que estas “técnicas de comunicación estratéxica”, denominadas interpretación

ambiental, tamén podían empregarse para explicar aos visitantes o significado dos lugares de importancia histórica, prehistórica e cultural en xeral, a súa utilización estendeuse a museos, a xardíns históricos, a parques arqueolóxicos e a sitios históricos de diverso tipo. O referente deste cambio foi o Primeiro Congreso Mundial de Interpretación do Patrimonio, celebrado en Banff, Canadá, en 1985 (LUNN, 1988). Na actualidade xa case todos falamos de interpretación *do patrimonio*, entendendo que nos referimos á aplicación desta disciplina nun patrimonio integral, é dicir, que comprende o patrimonio natural e o cultural -e que na maior parte dos casos non se poden disociar-.

A estas alturas convén definir a interpretación para os lectores non familiarizados con esta disciplina.

“La interpretación del patrimonio es un proceso creativo de comunicación estratégica, entendido como el ‘arte’ de revelar in situ el significado del legado natural o cultural, al público que visita esos lugares en su tiempo libre”.

(Adaptación de MORALES, 2001a, é a definición que propuxen co meu colega FRANCISCO GUERRA para a AIP)

Con esta definición quero destacar que se trata dunha intervención destinada ao público xeral, ao visitante “non cativo” de lugares de importancia patrimonial, que se acha no seu tempo de lecer, de vacacións ou con días libres, e que, por tanto, non está obrigado a pór atención e é *libre para decidir se participa ou non* nos programas interpretativos. É unha

“arte” (en sentido figurado), posto que para levala a cabo se require moita creatividade e non a simple aplicación dunha fórmula. Ao igual que o ensino, o xornalismo ou a publicidade, a interpretación non é unha ciencia exacta. Implica un esforzo sempre creativo, que se nutre do empirismo e da investigación social.

É un proceso porque consta de varias etapas, que comezan con: a) o recoñecemento dunha necesidade: a conservación do patrimonio visitado, explicándoo; b) a determinación da audiencia: que tipo de público é o que visita; c) a xestión e o deseño de solucións: definir unha mensaxe e elixir o medio de interpretación axeitado; d) continúa co desexado contacto do público con esa mensaxe: que lean un panel, que escoiten un guía etc.; e) conclúe cunha idea ben clara na mente dos visitantes: un significado.

É comunicación *estratéxica* porque debe estar orientada a lograr uns propósitos ben concretos: uns obxectivos específicos, entendidos como a guía indispensable para lograr un maior aprecio e gozo por parte dos visitantes, por unha parte e, por outra, a conservación do patrimonio grazas ás actitudes e aos comportamentos deses mesmos visitantes (HAM, 2003, e MORALES, 2001b). Unha parte fundamental da estratexia consiste en saber quen son eses visitantes, como varían, que traen nas súas experiencias vitais e cales son os

seus intereses e as súas preferencias, para axustar e para realizar estratexicamente a intervención.

A misión da interpretación é producir significados na mente dos visitantes (HAM, 1983 e 2002). Non consiste soamente en “explicar uns feitos”, senón en dar sentido ao lugar que visitan e chegar a conectar, mesmo emocionalmente, o público cos valores dese patrimonio, para que lle achen un sentido persoal e para que a súa experiencia (a visita) sexa completa e gratificante.

A interpretación é, pois, a estratexia ideal para brindar o “sentido de lugar” aos visitantes, xa que os conecta co cadro total e os axuda a construír a “noción” do sitio. Pode reforzar a identidade e o “sentido de pertenza” nos habitantes locais (MORALES, 2001a) ao contribuír a que revaloricen o seu patrimonio.

Quero sinalar que a interpretación non está nos paneis, nin nos folletos, nin no discurso do guía... aí só está a nosa intención de producir interpretación. **A interpretación acontece dentro da cabeza dos visitantes**, é dicir: os significados tenos que producir o propio visitante, á luz das súas experiencias persoais e do seu nivel de instrución, en contacto cos recursos e coas mensaxes que lle fagamos chegar, por suposto. Hai que facer pensar o visitante; se é activo na xeración de significados, a mensaxe cobrará máis valor para esa persoa.

Perdoaranme os lectores que me ocupe destes detalles, mais aquí radica parte do por que “non se entende ben” a interpretación, “non se aplica ben” e non resulta doado achar casos de “boas prácticas” nesta interpretación (porque hai outras acepcións do termo). O fundamental é como se lle conten as cousas ao público visitante... isto é case máis importante que o que se lle conte (aínda que sempre haberá que explicar uns feitos con rigor e con exactitude). Por tanto, o éxito e a efectividade da interpretación dependerán, en boa medida, do “estilo” da linguaxe que se utilice e da metodoloxía que sirva de vehículo e de soporte a esa mensaxe.

Outro detalle -de suma importancia- é o curto período de tempo que dura unha visita. Sexamos realistas: a xente no seu tempo libre (un día, medio día ou un par de horas) non está para ler paneis durante horas nin para oír discursos interminables dos guías. En tan breve lapso de tempo non é probable que o público “estableza vínculos”, “desenvolva actitudes” etc., co lugar que está a visitar. O público debe recibir certa axuda para comprender, para desenvolver actitudes e para manifestar comportamentos (Holtz, 1976), unhas axudas que non son outra cousa que “pistas”, “chaves” e “elementos de xuízo” para que nas súas mentes xurda un “clic!”, un “agora entendo!”. Isto é posible mediante a aplicación das técnicas da interpretación, que derivan duns procesos de planificación e de deseño enfocados

a obter unhas mensaxes significativas e impactantes.

A metodoloxía da interpretación tense que adecuar á realidade, como moi ben define o profesor Sam HAM (1992): a) o visitante goza do seu tempo libre e b) non é “cativo”, non está obrigado. Por esta razón, a comunicación co público debe ter en conta o contexto recreativo en que este se acha.

Isto representa un gran desafío, xa que a interpretación está obrigada a ser probable, ten que poder acontecer... Por exemplo, se poñemos un letreiro, o público ten que pararse diante e ler o seu contido, portanto, hai que se esforzar en atraer a atención do visitante. As mensaxes interpretativas teñen que ser doadas de comprender, ou relativamente doadas de procesar pola mente dos suxeitos. A interpretación-presentación será entretida e agradable, posto que non existe ningunha obriga para pór atención (porque non hai exames).

Para resolver esta cuestión, HAM (2006) propuxo hai anos (1983) aplicar as bases da psicoloxía cognitiva, posto que así se podería sintonizar co visitante de forma máis efectiva, ao termos en conta como percibe, selecciona, procesa, almacena e integra a información nas súas estruturas mentais. Moitos colegas (en todo o mundo) consideramos que esta é a principal achega metodolóxica á interpretación, que postula o seguinte:

A interpretación ten que ser:

- 1) **amena**: agradable, atractiva, con poder para captar a atención
- 2) **pertinente** para o público, en dous aspectos: a) con mensaxes comprensibles que evoquen significados claros, e b) relevante para o ego do visitante, que o involucre e que teña en conta as súas experiencias persoais
- 3) **ordenada**: nun guión ou nun esquema conceptual lóxico. A estrutura onde van as ideas debe facilitar que o público “siga o fío” sen se perder e que lle axude a organizar a información na súa mente
- 4) **temática**: con esta expresión, HAM refírese a que a mensaxe interpretativa debe ter unha idea ou un tema claro e definido. A estrutura desta idea é a dunha oración, con suxeito, verbo e predicado (prefiro empregar oración-tema, para que se comprenda mellor). Esta *oración-tema* debe sintetizar a idea principal da mensaxe, que representará o sentido e a esencia dos valores do lugar. Isto é o que queremos que o público sexa capaz de lembrar tras a súa visita.

Este enfoque, non obstante, debe ser congruente cunhas metas e cuns obxectivos (HAM, 2003). A interpretación debe ter algún propósito, algunha finalidade pensada para que contribúa a un mellor estado das persoas e das

cousas (MORALES, 2001b). Segundo MORGAN e os seus colaboradores (1997), a finalidade instrumental da interpretación é producir cambios nos ámbitos cognitivos, afectivos e actitudinais do visitante, que se manifesten logo en comportamentos duradeiros. Este mesmo punto xa o expresara vinte anos antes o profesor J. Alan WAGAR (1976), ao formular que a interpretación non será efectiva a menos que:

- a) atraia e manteña a atención do visitante
- b) este entenda e reteña certa información
- c) que grazas a esa información adopte unha actitude positiva
- d) que se observe nel un cambio permanente de comportamento

Parece moi ambiciosa esta formulación, mais se non o enfocamos así, para que, entón, estamos a desenvolver programas interpretativos? A interpretación é un instrumento moi útil para o patrimonio e non só “algo entretido para os visitantes”. Hai que traballar nesa dirección para facer rendible social e culturalmente todo o esforzo, quer de creatividade e de planificación, quer de diñeiro investido. Aínda que a interpretación non debe ter aspecto de “ensino” ou de “instrución” -é máis ben de provocación-, ten unhas connotacións educativas evidentes.

Problemas presentes

Desgraciadamente, non sempre se enfocou así a interpretación e, en moitos lugares de España e de Iberoamérica, aplicouse dun xeito bastante simplista, entendéndoa só como unha actividade -necesaria- para “explicar o parque aos visitantes”. Noutros casos, intentouse teorizar ao respecto asociándoa coa ordenación e coa planificación do territorio... un aspecto indispensable, por suposto, mais que se centra en factores macroscópicos da interpretación, sen afondar en que consiste en realidade, o que denomino o microscópico da interpretación (que esbocei no apartado anterior). En moitas ocasións, simplemente se utiliza o vocábulo interpretación porque soa ben, viste ben ou está de moda.

Nas últimas décadas utilizouse o termo interpretación para facer referencia a programas e a instalacións en diferentes sitios, mais moi poucos cumpren co que se consideraría como estándares para as boas prácticas da interpretación. Abundaron os mal chamados *centros de interpretación*, con exposicións bidimensionais -paneis con texto e ilustracións-, aburridas ou concibidas para eruditos (MORALES, 1989); se non con instalacións sofisticadas carentes de planificación previa e sen orzamento para o seu mantemento e para a súa avaliación. Isto continúa producíndose hoxe en día aparelado á

creación de centros de interpretación a ritmo crecente.

Que pasa cos medios interpretativos? Lamentablemente, os soportes onde se pretende resolver ou plasmar esta interpretación, en xeral, non proveñen dunha planificación interpretativa, senón que -debo dicilo- obedecen máis ben ao capricho, á improvisación ou á “inspiración” de alguén: “necesitamos aparatos”. O máis curioso deste feito é que todos somos capaces de recoñecer e de afirmar que o medio máis eficaz é o propio ser humano, é dicir, os servizos que son directamente atendidos polo persoal. Isto é incuestionable. Mais, na maioría dos lugares con pretendidos programas de interpretación, a dispoñibilidade de guías ou de intérpretes brilla pola súa ausencia. Non é que só deba haber guías, senón unha oferta variada que se adecúe ás distintas preferencias dos visitantes: uns servizos guiados e uns servizos autoguiados ou autónomos, nunha combinación equilibrada dos dous que dependa da demanda.

É máis cómodo para as administracións públicas instalar carteis, audioguías, exposicións de diferente estilo e complexidade, publicacións distintas... nunca formularán reivindicacións laborais! Aínda que esta tendencia sexa o habitual, hai excepcións, sobre todo nalgunhas áreas protexidas, culturais e naturais, onde o traballo dos guías é verdadeiramente interpretativo.

É un negocio que dá moitos beneficios? Si, sobre todo cando se trata de “vender” a idea de que fai falta un *centro de interpretación* (e non sempre fai falta), ou que hai que instalar unha exposición interpretativa con aparatos “interactivos”. Os estudos recentes demostran que os métodos expositivos empregados son de dubidosa efectividade, así como o seu grao de uso e de eficiencia en xeral (MUÑOZ e BENAYAS, 2006). Mais séguense a construír este tipo de instalacións, ao amparo dunha actividade empresarial florecente.

Sobre este punto quero formular a seguinte reflexión: a interpretación eficaz, que é entendida e asimilada polo público, aquela que lle produce un impacto afectivo e cognitivo, a que lle revela un *significado* concreto... é barata. Non custa moito diñeiro poñer en práctica “grandes ideas” en interpretación, como di o noso colega Sam HAM. Se contamos cun gran orzamento, ao mesmo tempo temos un “gran problema”, pois estamos obrigados a xustificar esa inversión con presentacións cegadoras e espectaculares. Mais a nosa misión non é cegar o visitante, nin os funcionarios nin os políticos; o noso labor é evocar significados claros e precisos na mente do público, con respecto ao patrimonio que está a visitar, e iso pódese realizar con baixo custo. Talvez por esta razón a interpretación do patrimonio de calidade, a que é efectiva e se aproxima á excelencia, non sexa un bo negocio. Que lle imos facer!

Creo que a responsabilidade desta situación -lamentable, en moitas ocasións- está repartida entre varios actores. Unha parte da responsabilidade téñena as propias administracións públicas, por descoñeceren os estándares básicos para realizar interpretación do patrimonio en condicións dignas (para que o público comprenda e se sinta satisfeito); aínda que hai que recoñecer que a falta de profesionais cualificados na administración pública é consecuencia inequívoca do que sucede en case todos os escenarios: isto da interpretación é algo novo, é unha disciplina “emerxente”, aínda que teña máis dun século de historia. Outra parte da responsabilidade téñena as empresas que abastecen de “mobiliario interpretativo” que, con toda a lóxica, intentan obter beneficios para o seu negocio; mais tamén hai moi boas empresas que realizan un traballo digno nesta materia -máis que aínda son poucas-. Tamén nós, os traballadores da interpretación, temos unha co-responsabilidade nesta situación de “precariedade”, por non reaccionar a tempo reivindicando unha maior profesionalidade neste campo.

Finalmente, quero expoñer unha advertencia, con todo o respecto. Trátase da introdución, fai xa tempo (MORALES, 1989), do concepto de “uso público”, cuxa conceptualización e cuxa utilización estendida, ao meu entender, está a desviar a atención que merece a interpretación do patrimonio, enmascarándoa baixo

unha serie de argumentacións que, polo menos a min, me parecen artificiosas e sobrecargadas. Nos espazos naturais protexidos, o uso público vén a constituir unha unidade de xestión en que ten cabida unha infinidade de actuacións e de funcións, unhas de carácter puramente administrativo e outras de carácter técnico. Non é que non deba haber uns criterios para a xestión, para o control e a atención aos visitantes, ou para os convenios administrativos cos concesionarios, senón simplemente que iso non lle debería restar preponderancia ao desenvolvemento profesional e á implantación efectiva da interpretación (e dos servizos de información, dos educativos e dos recreativos). Hai anos, o meu colega Francisco GUERRA e eu intentamos tratar ese concepto, o de uso público (Morales e Guerra, 1996), e creo que o dimensionamos no seu xusto termo. Mais hoxe en día é desbordante a atención que acapara, en detrimento desas “funcións” esenciais que se supón que debe atender.

Acertos actuais

En España aínda estamos comezando a asumir e a divulgar unhas pautas para as boas prácticas en interpretación (véxase: ASOCIACIÓN PARA LA INTERPRETACIÓN DEL PATRIMONIO, 2006), coa esperanza de proporcionarmos uns criterios racionais,

quer aos profesionais con competencias en interpretación, quer aos que toman decisións ao respecto. Creo que é un punto de inflexión e un dos labores principais que pode afrontar a AIP.

Todo isto, que anteriormente xiraba arredor das áreas naturais, xa acontece tamén nos espazos culturais e históricos (incluído o risco de cometer os mesmos erros que nos espazos naturais). A boa noticia é que a interpretación do patrimonio tamén transcende ao concepto de “área protexida” e cada vez son máis os enclaves “non protexidos” (naturais e culturais) onde se formula a súa realización como “valor engadido” á posta en valor do patrimonio para o desenvolvemento local, turístico e social, en xeral.

As necesidades anteriores que xustificaban o uso da interpretación estaban moi vinculadas á *conservación* de espazos e de monumentos; actualmente súmanse as necesidades do desenvolvemento humano e da dinamización socioeconómica de localidades e bisbarras. E isto representa unha excelente oportunidade para o desenvolvemento profesional da interpretación.

Xunto co anterior, tamén contribuíu á profesionalización -escasa aínda- o primeiro curso de posgrao impartido en español e en catalán, que merece ser destacado por iniciar a andaina na capacitación seria e rigorosa para os traballadores deste campo; o curso

denomínase *Interpretación Ambiental y del Patrimonio: comunicar, participar y disfrutar*, e está organizado pola Universidade das Illas Baleares (UIB) e a Universitat Oberta de Catalunya (UOC). Iniciouse no ano 2000, impártese a distancia a través de internet, ten periodicidade anual e é o único referente académico con continuidade no noso ámbito idiomático.

Un acontecemento moi positivo foi que, en España, os interesados nesta disciplina nos asociáramos -na AIP- e esteamos a traballar de forma voluntaria para o recoñecemento e para o desenvolvemento profesional desta disciplina. Estamos a impulsar a súa divulgación e a servir de “rede” entre os diversos profesionais implicados na interpretación. Un bo consello para outros países e para outras rexións do mundo é crear asociacións de “intérpretes” ou de interesados na interpretación. É unha iniciativa básica para darnos os pasos necesarios cara ao recoñecemento profesional.

A AIP talvez foi un catalizador, de xeito directo e indirecto, de diversas iniciativas de formación e de capacitación de persoal, mesmo nos ámbitos universitarios, onde se imparten algúns capítulos relacionados coa interpretación en posgraos de Xestión do Patrimonio e Xestión Cultural. A formación e a capacitación de profesionais debe ir en aumento paulatino, para ter en conta a cada vez maior demanda institucional por executar programas e

intervencións interpretativas. Agardamos que así sexa e que se conte con estes profesionais non por seren de “patrimonio” ou de “medio” ou de “turismo”, senón por estaren capacitados en como interpretar o patrimonio *in situ*.

Os desafíos para o futuro

Creo que o futuro da interpretación vai depender de que se asuman -máis rápido, ou máis tardiamente- as características “especiais” que ten esta disciplina. Para iso haberá que continuar co labor divulgativo destas “particularidades” que indican as súas bases metodolóxicas: debe ser amena, breve e clara. Mais tamén haberá que detectar as causas polas que non se puido explicar ben, sobre todo aos que toman decisións para inverter neste servizo público. Xa existe unha literatura especializada, traducida ou xerada en español (e que tamén se podería facer en portugués), e seguramente este impulso continuará. Esta base documental é indispensable para entendermos “de que interpretación estamos a falar”.

Ademais, se se xeneralizan os escasos -ata agora- procesos de planificación interpretativa, é posible que tamén contribúan a “demostrar” a diferenza entre unha interpretación planificada (porque é lóxico, é racional) e unha interpre-

tación improvisada (porque hai que gastar uns cartos da Unión Europea). É notable a efectividade das intervencións interpretativas cando proveñen dunha planificación, onde houbo un traballo interdisciplinario e unha participación cidadá. A planificación interpretativa, con toda a seguridade, tamén comezará a ser obxecto de cursos de especialización universitaria.

Finalmente: se non avaliamos a efectividade da interpretación, se non se crean rutinas, protocolos e indicadores para medir á súa repercusión (captación de significados, mellora de conservación, repercusión socioeconómica), non dispoñemos de argumentos sólidos para podermos reivindicar as virtudes da súa aplicación na xestión e no manexo do patrimonio natural e cultural. É un campo practicamente virxe para estudos e para teses de doutoramento, ao que ten que unirse a xente das universidades e das institucións públicas encargadas da tutela do patrimonio. Para avaliarmos e investigarmos a efectividade de todo isto fai falta diñeiro; non obstante, talvez moito menos que o diñeiro empregado en infraestruturas ineficaces que levan como apelativo “de interpretación”.

Bibliografía

- ALDRIDGE, Don. 1975. *Guide to Countryside Interpretation, Part I: Principles of Countryside Interpretation and Interpretive Planning*. HMSO for Countryside Commission and Countryside Commission for Scotland.
- ALDRIDGE, D. 1981. *The Monster Book of Environmental Education*. Council of Europe, Geo Abstracts Ltd. Norwich. UK.
- ASOCIACIÓN PARA LA INTERPRETACIÓN DEL PATRIMONIO (AIP). 2006. *Recomendaciones para las Buenas Prácticas en Interpretación del Patrimonio Natural y Cultural*. Comisión de Calidad y Buenas Prácticas en la Interpretación. www.interpretaciondelpatrimonio.org
- HAM, Sam H. 1983. Cognitive Psychology and Interpretation: Synthesis and Application. *Journal of Interpretation*, 8(1): 11-27. USA.
- HAM, S.H. 1992. *Interpretación Ambiental, Una Guía Práctica para gente con grandes ideas y pequeños presupuestos*. North American Press, Colorado.
- HAM, S.H. 2002. Meaning Making—The Premise and Promise of Interpretation. *Keynote presentation to Scotland's First National Conference on Interpretation*. Royal Botanic Gardens, Edimburgh, April 4.
- HAM, S.H. 2003. Rethinking Goals, Objectives and Themes. *Interpscan*, May/June: 9-12. Canada.
- HAM, S.H. 2006. La psicología cognitiva y la interpretación: síntesis y aplicación. *Boletín de Interpretación*, número 15: 14-21. Asociación para la Interpretación del Patrimonio, España. <http://www.retaciondelpatrimonio.com/docs/pdf/Boletin15.pdf>
- Holtz, R. 1976. Nature Centers, Environmental Attitudes and Objectives. *Journal of Environmental Education*, 7(3): 34-37. USA.
- LUNN, John (ed.). 1988. *Proceedings of the First World Congress on Heritage Presentation and Interpretation*, Banff, Alberta, Canada, 1985. Heritage Interpretation International, Alberta Culture and Multiculturalism.
- MORALES, Jorge F. 1989. The Birth of Interpretation in Spain. En: D. Uzzell (ed.), *Heritage Interpretation*, Vol. 1, Belhaven Press, London.
- MORALES, J. 2001a. *Guía Práctica para la Interpretación del Patrimonio - El Arte de Acercar el Legado Natural y Cultural al Público Visitante*. Consejería de Cultura (Junta de Andalucía), y TRAGSA. Segunda edición.
- MORALES, J. 2001b. Los Objetivos Específicos en Interpretación - Para Saber, Sentir y Hacer. *Boletín de Interpretación*, número 4:8-9. Asociación para la Interpretación del Patrimonio, España. http://www.interpretaciondelpatrimonio.com/docs/pdf/boletin_4.pdf
- MORALES, Jorge e Francisco GUERRA. 1996. Uso Público y Recepción en los Espacios Naturales Protegidos – La Atención a los Visitantes Reales y Potenciales. (Basado en un documento elaborado por los autores para el Seminario Permanente de Educación Ambiental en Espacios Naturales Protegidos. Secretaría de Medio Ambiente, MOPT. Julio de 1992). En: <http://www.interpretaciondelpatrimonio.com/docs/docs/Usopublico.pdf>
- MORGAN, J. MARK; J. ABSHER; B. LOUDON; e D. SUTHERLAND. 1997. La Efectividad Relativa de Programas Interpretativos Dirigidos por Naturalistas Jóvenes y Adultos en un Bosque Nacional. *Investigaciones en Interpretación*, 2(1): 9-18. USA.
- MUÑOZ, María e Javier BENAYAS. 2006. Avance de un Estudio sobre Centros de Visitantes en España. *Boletín de Interpretación*, número 14: 5-7. Asociación para la Interpretación del Patrimonio, España. http://www.interpretaciondelpatrimonio.com/docs/pdf/boletin_14.pdf
- TILDEN, Freeman. 1957. *Interpreting Our Heritage*. The University of North Carolina Press, Chapel Hill.
- TILDEN, Freeman. 2006. *La Interpretación de nuestro Patrimonio*. Asociación para la interpretación del patrimonio (ed.). Primera edición en castellano. España.
- WAGAR, J. Alan. 1976. Evaluating the Effectiveness of Interpretation. *Journal of Interpretation* 1(1): 1-8. USA.